

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DERIVADAS DA SUBMINISTRACIÓN DE ESTELAS DE MADEIRA NA INSTALACIÓN DE 1.300 Kw DE BIOMASA SITA NO PARQUE DA MILAGROSA.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 63-2021, por un importe total de 54.500,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas derivadas da "Subministración de estelas de madeira na instalación de 1.300 Kw de biomasa sita no Parque da Milagrosa".

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/2144 de data 30/12/2021, así como RCMOD: 2021/97704 de data 30/12/2021, por importe de 54.500,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 54.500,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	54.500,00 €	17000.22199	54.500,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>54.500,00 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>54.500,00 €</b>

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac2410991129424448591.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 60-2021 Pavimento Servizo Intervención

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.